



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE PROGRAMAS SOBRE O SECTOR PESQUEIRO E IGUALMENTE A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓNS DIARIAS SOBRE A ACTUALIDADE DO SECTOR, NO ANO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de programas sobre o sector pesqueiro e igualmente para a difusión de informacóns diarias sobre a actualidade do sector; en especial no que respecta aos desembarcos de produtos pesqueiros que son realizados nos principais portos galegos e as súas cotizacións.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son ás seguintes:

Corporación RTVG comprométese:

- 1.- A elaboración do programa ou programas nos que se emitirá/n os contidos de interese xeral para as xentes do mar.
- 2.- A emisión da dita serie, a razón de un (1) programa semanal, de marzo a decembro, cunha duración de entre vinte e vinte e cinco minutos (20-25') e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión, así como á eventual produción e emisión de programas monográficos dedicados a mostrar aspectos concretos do traballo e vida cotiá de determinados sectores do noso mar.
- 3.- A emisión nos informativos de carácter rexional, información diaria ou semanal como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe, feiras e outros.
- 4.- A cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado por "Vivir o mar" para uso da Consellería do Mar en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería, enviándolle copias dixitais dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.
- 5.- Finalmente, Corporación RTVG asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Mar na dita produción, así como da participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca – FEMP.

A Consellería do Mar comprométese:

- 1.- A achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula sétima do presente convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.
- 2.- A orientar e facilitar toda cantidade de información necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos”.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A Corporación RTVG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector pesqueiro e a súa conservación, así como o uso axeitado do medio mariño.

Que dentro deste mutuo interese, pola Corporación RTVG e a Consellería do Mar, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de "VIVIR O MAR", campaña que gozou dunha grande aceptación polo público en xeral, e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, como informativos de carácter rexional nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación RTVG ten interese en difundir como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe e outros. A consellería achegará os datos necesarios para a elaboración dos guións de información por parte da Corporación RTVG.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

